



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no Adulto con Discapacidade Física	Código	653G01303	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	7.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias Biomédicas, Medicina e FisioterapiaCiencias da Saúde			
Coordinación	Rosende Celeiro, Iván de	Correo electrónico	ivan.de.rosende.celeiro@udc.es	
Profesorado	Nieto Riveiro, Laura	Correo electrónico	laura.nieto@udc.es	
	Rosende Celeiro, Iván de Veiga Seijo, Silvia		ivan.de.rosende.celeiro@udc.es silvia.veiga.seijo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia ten como obxectivo achegar ao alumnado ao proceso de intervención de Terapia Ocupacional nas persoas adultas con discapacidade física, proporcionando para iso os principios teóricos e filosóficos que sosteñen e fundamentan a práctica profesional da/o terapeuta ocupacional neste ámbito.</p> <p>Descritor:</p> <p>Fundamentos da promoción da autonomía persoal e valoración da dependencia nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou produtos de apoio. Análise da ocupación en Terapia Ocupacional e a súa utilización terapéutica. Terapia Ocupacional para a integración da persoa adulta con discapacidade física. Aplicación da actividade ocupacional.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Promover a autonomía persoal e valorar a dependencia do usuario nas áreas de desempeño ocupacional (Actividades da Vida Diaria, Actividades Instrumentais da Vida Diaria, Traballo Educación, Ocio e Tempo libre e participación social), baseándose nos seus diferentes contextos (físico, cultural, social, persoal, virtual, espiritual). En definitiva, coñecementos e capacidade para aplicar a teoría e a práctica de Terapia Ocupacional.	A9 A10	B3 B9	C7
Manter e mellorar a calidade de vida dos usuarios.	A15 A20 A24	B9	C7
Desenvolver coñecemento e capacidade para aplicar as ocupacións terapéuticamente e coñecemento e capacidade para aplicar as Actividades da Vida Diaria terapéuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A6 A9 A11 A13 A14 A23	B24	C4
Capacidade para identificar e anticipar situacións de risco no adulto con posibilidade de presentar disfunción ocupacional debido ás condicións contextuais.	A20 A29	B3 B9	C7



Intervir no adulto con discapacidade física coas patoloxías incidentes nesa etapa vital que ocasionan unha mingua do seu desempeño ocupacional e, polo tanto, da autonomía persoal.	A7 A8 A17 A18 A19 A29	B3 B9 B24	C7
Adquirir destrezas na implementación do programa terapéutico personalizado (segundo o usuario, en función da súa historia persoal, da patoloxía que presenta e do período evolutivo desta). E adquirir a capacidade de establecer unha relación terapéutica apropiada aos diferentes momentos do ciclo vital da persoa.	A10 A16	B4 B9	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Marco conceptual: Contextualización e razoamento introdutorio desde Terapia Ocupacional ó ciclo vital (Tema transversal do nivel intermedio do Título).	1.1 Análise das necesidades de saúde e benestar. 1.2 Análise das principais ocupacións no adulto. 1.3 Análise dos recursos sociocomunitarios. 1.4 Análise dos medios de comunicación e valores.
Tema 2.- Calidade de vida (Tema transversal do nivel intermedio do Título)	2.1 Aproximación á calidade de vida desde Terapia Ocupacional.
Tema 3.- Autores de referencia en Terapia Ocupacional: Adulto I	3.1 Comprensión do desenvolvemento teórico. 3.2 Análise e reflexión dos contextos históricos e socioculturais.
Tema 4.-Rede de servizos: recursos existentes (ou por desenvolver) para o Adulto I	4.1 Características e enfoques dos diferentes dispositivos. 4.2 Lexislación que afecta ó servizo e á súa práctica. 4.3 Habilidades, funcións e rol do terapeuta ocupacional. 4.4 Relación co equipo interdisciplinar. 4.5 Perfil das persoas usuarias.



Tema 5.- Proceso de Terapia Ocupacional no Adulto I:
Autonomía persoal e Participación Social
(Tema transversal do nivel intermedio do título)

5.1 Derivación.

5.2 Screening e valoración inicial.

5.3 Fundamentos teóricos relevantes para Terapia Ocupacional na Promoción da Autonomía persoal no Adulto e a súa aplicación:

- Marcos de referencia.
- Modelos de Práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo Persoa-Contorno-Ocupación, Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso (AOTA).
- Articulación co conxunto de técnicas pertinente.
- Práctica centrada na persoa.
- Práctica baseada na evidencia.
- Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (OMS).

5.4 Avaliación ocupacional:

- Perfil ocupacional e análise do desempeño.
- Persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s.
- Áreas de desempeño ocupacional.
- Avaliación das contornas significativas: fogar, centro laboral, centro de ocio e tempo libre e demais recursos comunitarios.
- Barreiras e facilitadores do desempeño ocupacional, dos dereitos ocupacionais e da saúde e benestar das persoas/grupos/comunidades.
- Ferramentas estandarizadas e non estandarizadas.

5.5 Planificación de metas e obxectivos coa persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s; coordinación co equipo interdisciplinar. Metodoloxía SMART/SMART.

5.6 Intervención dende Terapia Ocupacional.

- Consenso co usuario/a, familia, profesionais, tendo en consideración as contornas significativas, as características e as prioridades da persoa, así como as situacións de saúde de maior incidencia que poden causar disfunción ocupacional (dano cerebral, lesión medular, enfermidades dexenerativas, artroplastias, afeccións osteoarticulares, cardíacas, oncolóxicas e outras de carácter orgánico).
- Consideración das situacións de vulnerabilidade social que poden impactar negativamente no desempeño ocupacional e/ou producir situacións que comprometan os dereitos ocupacionais das persoas/grupos/comunidades.
- Traballo nas áreas de ocupación empregando a ocupación/actividade significativa, en colaboración co/a usuaria/o, familia e profesionais. Técnicas para a adaptación funcional das actividades da vida cotiá: economía articular, hixiene postural, simplificación do traballo e a conservación da enerxía.

5.7 Actuación nos factores ambientais que funcionan como facilitadores/barreiras da participación en ocupacións no adulto: Produtos de apoio, adaptacións funcionais do contorno, actitudes/crenzas, alianzas, etc.

5.8 Asesoría de terapia ocupacional cos adultos: persoa/s, grupo/s, comunidade/s e demais profesionais, familias, amigas/os e outros.



5.9 Planificación da alta, seguimento e/ou derivación.



<p>Tema 6.- Deseño, xestión, planificación e avaliación da Calidade do servizo de Terapia Ocupacional: Adulto I</p>	<p>6.1 Dirección de recursos, estudos de custo, planificación, administración e coidado dos servizos e equipamentos nos eidos sanitarios e comunitarios (domiciliario, formativo, laboral, entre outros).</p> <p>6.2 Actualización permanente do/a profesional.</p>
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C4	20	25	45
Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	26	30	56
Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24	2	32	34
Aprendizaxe servizo	A6 A9 A10 A11 A16 A17 A19 B4 C4	8	8	16
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A24 A29 B3 B24 C4 C7	25	9.5	34.5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O/a estudante sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Prácticas de laboratorio	<p>Metodoloxía que permite que os e as estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> <p>Permite comprobar a adquisición das competencias específicas reverenciadas nesta materia.</p>



Aprendizaxe servizo	Actividade que integra o servizo á comunidade coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de competencias a partires da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado reside en que os proxectos de ApS dan resposta sempre a resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico co obxectivo de acadar determinadas competencias propias da titulación na que se enmarca esa materia. Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia. A súa inclusión como metodoloxía dependerá do establecemento de convenio con entidades sociais.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos/ás estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un/unha docente en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. Permite adquirir as competencias específicas reverenciadas nesta materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio Estudo de casos	A atención personalizada farase, globalmente, mediante tutorías personalizadas directas e virtuais, individuais e/ou grupais.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A7 A9 A13 A14 A15 A19 A20 A24 A29 B3 B24 C4 C7	A asistencia será obrigatoria e valorarase a capacidade do/a alumno/a para integrar de forma activa os conceptos e procedementos impartidos na clase ao mesmo tempo que demostra, de forma progresiva, a integración das competencias da materia.	5
Prácticas de laboratorio	A6 A7 A8 A9 A10 A11 A13 A14 A15 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C7	A asistencia será obrigatoria. Valorarase: 1) actitude colaborativa (implicación co grupo, coas tarefas e co desenvolvemento xeral do laboratorio); participación (interacción empática, proactiva, analítica e constructiva); respecto (ós/ás participantes do grupo, docentes e normas de funcionamento do laboratorio); e a responsabilidade (consigo mesmo/a e/ou co grupo, tanto na preparación dos traballos realizados durante o laboratorio como no proceso de ensinanza-aprendizaxe). Asemade, valorarase: 2) a memoria do laboratorio: cumprir as instrucións, a presentación (coidado, ortografía e linguaxe) e reflexión (elaboración, integración e crítica de todos os contidos do laboratorio); e 3) os traballos individuais e/ou grupais solicitados vinculados ao desenvolvemento da metodoloxía.	30



Estudo de casos	A7 A8 A9 A10 A13 A14 A15 A18 A19 A20 A23 A24 A29 B3 B4 B9 B24 C4	Nesta metodoloxía valorarase tanto o proceso de traballo coma o resultado e a súa presentación (oral e/ou escrita). Por tanto, terase en conta a evolución do alumnado durante o traballo, a xestión da información e interrogantes xurdidos, o traballo en grupo (nos casos que corresponda), así coma a integración das competencias da materia e a reflexión sobre todo o proceso. En canto ao contido, valorarase que o caso sexa coherente co proceso de Terapia Ocupacional nun contexto concreto, articulando as especificidades da/s persoa/s, poboación, as súas ocupacións e contornas, é dicir, mantendo o foco no desempeño ocupacional. Para iso, terase en conta a aplicación coherente dos modelos de práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo Persoa-Contorno-Ocupación, entre outros. Finalmente, na presentación (oral e/ou escrita) valorarase a argumentación, reflexión e defensa do traballo realizado así coma a capacidade de expresión escrita (erros gramaticais e ortográficos valoraranse negativamente) e/ou oral (comunicación verbal e non verbal dacordo ó foro).	30
Proba mixta	A6 A7 A8 A13 A15 A20 A24 A29 B3 B24	Valorarase, ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumnado (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos) e a integración e aplicación de conceptos/procedementos na práctica da profesión.	35

Observacións avaliación



Considerarase como

?Non presentado? (NP) aquel ou aquela

estudante que, estando matriculado nunha materia, non concorre ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico. En ausencia de regulación específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado/a como ?Non presentado?: a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliación. A consideración de NP non consome convocatoria no número total de convocatorias que o/a estudante ten por materia.

Con carácter xeral, a

avaliación das materias será continua ao longo do curso, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliación. Como norma xeral incluírase unha actividade de avaliación para realizar nas datas establecidas no calendario académico oficial. Esta actividade tamén poderá establecerse como proba global de avaliación dos resultados de aprendizaxe ou, no seu caso, formar parte do proceso de avaliación continua.

As guías docentes deberán establecer a ponderación das distintas actividades de avaliación e, no seu caso, da proba global, no marco que o centro puiden establecer.

Valorarase a

puntualidade e a asistencia obrigatoria a todas as horas presenciais das metodoloxías que computan para a avaliación da materia. Só se consideran ausencias xustificadas as relacionadas coa atención sanitaria ou causa de forza maior. En todo caso, debe xustificarse a ausencia documentalmente.

Para aprobar a

materia, o/a estudante debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e ter superadas cada una das metodoloxías que conforman o proceso de avaliación da materia. Ademais, será necesario ter unha calificación mínima de

1.75 (sobre 3.5) puntos na proba mixta, e só se terán en conta para a calificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/a acadada dita puntuación na proba mixta. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na proba mixta. As notas obtidas no resto de metodoloxías serán tidas en conta para a súa calificación na segunda oportunidade (xullo), no caso de telas aprobadas e superada a proba mixta.

Segundo a norma que

regula o réxime de dedicación ao estudo dos/as

estudantes de grao na Universidade da Coruña

(aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un estudante teña

recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar

dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa

académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto

non afecte negativamente ao proceso de avaliación do/a estudante. A ese efecto, as Comisións

Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada

dispensa. Por tanto, a concesión á

solicitude de dita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da

comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as

metodoloxías e criterios de avaliación das materias.



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>Chapinal A. Rehabilitación de las manos con artritis y artrosis en la terapia ocupacional. Barcelona: Masson; 2008. Chisholm D, Dolhi C, Schreiber J. Occupational therapy intervention resource manual: a guide for occupation-based practice. New York: Delmar Learning; 2004. Christiansen C, Baum C. Occupational therapy: performance, participation, and well-being. Thorofare, NJ: Slack; 2005. Curtin M, Molineux M, Supyk-Mellson J. Occupational therapy and physical dysfunction: enabling occupation. Elsevier; 2010. Grieve J. Neuropsicología para terapeutas ocupacionales: cognición en el desempeño ocupacional. Madrid: Panamericana; 2009. Itzkovich M. Loewenstein Occupational Therapy Cognitive Assessment (LOTCA), manual. Pequannock, NJ: Maddak Inc; 2000. McHugh H, Schultz-Krohn. Pedretti's occupational therapy. Practice skills for physical dysfunction. St. Louis, Missouri: Elsevier; 2018. Mooney M, Ireson C. Occupational therapy in orthopaedics and trauma. Chichester: Wiley-Blackwell; 2009. Moruno P, Ronero DM. Actividades de la vida diaria. Barcelona: Masson; 2006. Polonio B. Terapia ocupacional en disfunciones físicas, teoría y práctica. Madrid: Editorial Médica Panamericana; 2016. Polonio B, Romero D. Terapia ocupacional aplicada al daño cerebral adquirido. Madrid: Editorial Médica Panamericana; 2010. Polonio B. Terapia ocupacional en discapacitados físicos: teoría y práctica. Madrid: Editorial Médica Panamericana; 2004. Rodrigues de Prado MM, de Miranda, MC. Terapia ocupacional reabilitação física e contextos hospitalares. São Paulo: Roca; 2004. Rodríguez M, Navas R, Garrido JA. Terapia ocupacional en las actividades de la vida diaria. Madrid: Editorial Síntesis; 2018. Sebastián M, Valle I, Vígara A. Guía de orientación en la práctica profesional de la valoración reglamentaria de la situación de dependencia: productos de apoyo para la autonomía personal. Madrid: CEAPAT; 2012. Vining M, Trombly CA. Occupational therapy for physical dysfunction. Baltimore: Lippincott Williams - Wilkins; 2014.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Para axudar a conseguir un contorno inmediato sostible e cumprir cos obxetivos estratéxicos 1 e 2 do "III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2018-2020)", os traballos documentais que se realicen na materia:

- a. - Os traballos, na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte informático.
- b. - De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.

2.- Resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos, os cales serán notificados aos/ás estudantes coa suficiente antelación.

3.- Durante o período da materia no primeiro cuatrimestre, e sen que supoña unha alteración na asistencia do alumnado a outras actividades académicas, poderán programarse seminarios ou obradoiros para afondar en certos contidos e técnicas específicas que complementan o desenvolvemento da materia.

4.- Aplicarase a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías